

INCREMENTO DOS CASOS DE HEPATITE A EN GALICIA

En Galicia os casos de Hepatite A adoitan presentarse como illados ou agrupacións familiares, [sendo o habitual unha situación endémica de moi baixa intensidade](#). Con todo, [no ano 2024 observouse un incremento no número de casos a nivel nacional](#), sendo a principal vía de transmisión a sexual, principalmente en homes que teñen sexo con homes (HSH).

Na nosa comunidade vense detectando un aumento de casos dende o segundo trimestre deste ano. Así, no primeiro semestre declaráronse 40 casos de hepatite A (Figura 1), máis que durante todo 2024, no cal xa se detectara un aumento no número de casos. O maior aumento deuse na provincia de Pontevedra, con 24 casos (60% do total), producíndose ademais o falecemento dun home de 56 anos con patoloxía previa, no contexto dun abrocho familiar, na provincia de A Coruña.

Nos casos declarados obsérvase unha predominancia de homes, cunha razón de masculinidade 3:1 (Figura 2) e en idades medias da vida, atopándose a gran maioría dos casos entre os 25 e os 59 anos (Figura 3), o que apunta á predominancia da vía de transmisión sexual, principalmente entre HSH.

Ademais, cabe destacar que en [Portugal está a producirse un abrocho de Hepatite A no norte do país](#) e que continua activo a día de hoxe, no cal se constatou como principal vía de transmisión a sexual.

Cómpre pois recordar as medidas de control prioritarias destinadas a previr a transmisión: 1) Estudo exhaustivo dos contactos para favorecer a detección e toma de medidas de control e profilaxe post-exposición, dacordo ó [Protocolo de vixilancia e control da hepatite A en Galicia](#). Tendo en conta que a vía primordial de transmisión está a ser a sexual, pode darse unha certa reticencia a responder, sendo fundamental facer entender ó paciente a importancia de proporcionar o maior número de datos posible, así como asegurarlle a confidencialidade dos mesmos. 2) Comunicar abrochos e casos detectados ós servizos de Medicina Preventiva, no caso de pacientes hospitalizados, e ós Departamentos Territoriais de Sanidade, nos ambulatorios, e 3) Promover a vacinación fronte á Hepatite A nos grupos incluídos no [Programa Galego de Vacinación](#), sendo fundamental incidir na vacinación das persoas con condutas sexuais de risco como principal medida de prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE GONOCÓCICA MEDIANTE VACINACIÓN CON BEXSERO®

A gonococia é unha infección de transmisión sexual (ITS) causada pola bacteria *Neisseria gonorrhoeae*, tamén coñecida como gonococo. A súa incidencia foi en aumento nos últimos anos a nivel mundial; en concreto [en Galicia incrementouse de 2,4 a 40,3 casos/105 habitantes entre 2010 e 2024](#).

As súas manifestacións clínicas varían segundo o sexo e a localización da infección. Máis do 50% de infeccións en cérvix cursan asintomáticas, así como outras localizacións extraxenitais (destacando recto e farinxe). Isto dificulta o diagnóstico precoz e pode supoñer un retraso no tratamento, o que conleva complicacións como a enfermidade inflamatoria pélvica, infertilidade ou artrite en mulleres, e epididimite ou prostatite en homes.

A vacina Bexsero®, autorizada en ficha técnica para o seu uso fronte á *Neisseria meningitidis* serogrupo B, presenta protección cruzada fronte ao gonococo debido á elevada homoloxía xenética entre ambas bacterias.

En estudos observacionais levados a cabo en distintos países, a administración de Bexsero® amosou efectividades estimadas entre o 32 % e o 46 % fronte ao gonococo.

Aínda que a protección individual é moderada, o impacto colectivo pode ser moi relevante, sobre todo se se acadan altas coberturas nos grupos de maior risco.

No ámbito internacional, organismos como o [Joint Committee on Vaccination and Immunisation \(JCVI, Reino Unido\)](#) inclúen esta medida nas súas recomendacións para persoas con risco elevado de infección gonocócica.

A pauta de administración é de dúas doses (0-2 meses) e os pacientes poderán solicitala nos seus centros de saúde de Atención Primaria, así como nos Servizos de Medicina Preventiva hospitalarios. Os grupos nos que se atopa indicada a vacinación están detallados no apéndice.

Trátase dunha intervención pioneira en España, baseada na evidencia dispoñible e busca protexer ás persoas máis vulnerables reducindo a circulación da infección na comunidade. A vacinación complementase co uso sistemático do preservativo, que segue a ser a medida fundamental para a prevención das ITS.

APÉNDICE

INCREMENTO DOS CASOS DE HEPATITE A EN GALICIA




Figura 1. Casos de hepatitis A notificados por semestre, 01/01/2018-31/06/2025.




Figura 2. Porcentaxe de casos de hepatitis A por sexo




Figura 2. Porcentaxe de casos de hepatitis A por sexo

GRUPOS NOS QUE SE INDICA VACINACIÓN

GRUPOS NOS QUE SE INDICA A VACINACIÓN (en todos os casos, deben ter entre 19 e 65 anos)	
Diagnóstico recente (12 meses previos) de ITS	<i>Neisseria gonorrhoeae</i>
	<i>Chlamydia trachomatis</i>
	<i>Treponema pallidum</i>
	Mpox virus
	Virus da inmunodeficiencia humana (VIH)
Persoas con antecedentes ≥ 2 ITS nos últimos 5 anos (agás VPH).	
Sospeita clínica de gonococia aínda que non se faga un diagnóstico etiolóxico.	
Condutas ou comportamentos de risco no último ano	Prácticas sexuais sen protección con parellas non habituais
	Uso de drogas relacionado co mantemento de relacións sexuais (<i>chemsex</i>)
	Persoas en situación de prostitución
Outras situacións que implican prácticas de risco: ter recibido profilaxe fronte a ITS (pre ou post exposición) > 1 vez no último ano.	

Táboa 1. Grupos nos que se indica a vacinación fronte ao gonococo